

O SUP ADVIRTE DA SITUACIÓN LÍMITE NA QUE SE ATOPA A UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA Á XUNTA DE GALICIA ANTE A PASIVIDADE DE INTERIOR

- ✓ A Policía Autónoma galega conta na actualidade con 385 axentes, de 500 de catálogo, retrocedendo a rexistros de 2006, a pesar do incremento de funcións.
- ✓ Non se convoca un Concurso Específico de Méritos dende 2013.
- ✓ A maior carga de traballo da UPA durante a situación de alerta sanitaria e o inminente inicio do Ano Santo urxen unha convocatoria das vacantes.

Santiago, a 29 de decembro de 2020

Na tarde de hoxe, responsables do SUP en Galicia mantiveron unha xuntanza co vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia, estando presente tamén o Director Xeral de Emerxencias e Interior. Este encontro é continuación do mantido cos mesmos interlocutores o pasado día 26 de febreiro.

Entre os asuntos tratados destacamos:

Prazas; na actualidade forman a UPA 385 policíaas de todas as escalas e categorías. Nos próximos meses a Unidade seguirá perdendo efectivos por mor do traslado a outras plantillas, ascensos ou cambios de situacións administrativas. Estes datos sitúan á UPA en cifras do ano 2006, cando tiña encomendadas menos funcións que as que presta na actualidade. Cabe destacar que o pico máis alto de integrantes foi no ano 2013, con 473 axentes. Precisamos, de forma urxente, completar o catálogo de postos de traballo que é de 500 axentes. Tamén se fixo fincapé que este catálogo está desfasado e tal como xa instou o SUP á DGP a través do Consello de Policía, pedíuse á Xunta que apoie o incremento ata os 700 efectivos. Precísase completar todas as xefaturas da UPA que contan con 42 policíaas en A Coruña, Lugo e Vigo e 44 en Pontevedra e Ourense. A Xefatura da Policía Autónoma suma 171 axentes. Xacobeo, campaña de incendios, investigación, medio ambiente, así como outras funcións propias de protección e vixilancia estanse resentindo na actualidade pola falta de funcionarios policíaas.

A Xunta coincide co SUP na urxencia de cubrir as vacantes existentes mediante un Concurso Específico de Méritos, reivindicación que trasladaron en diversas ocasións ó Ministerio do Interior, sen resposta ata o momento. En próximas datas presentarán iniciativas legislativas a través de Senado e Congreso para reforzar o dispositivo da UPA de cara ao inminente inicio do Ano Santo. A mediados do mes de xaneiro de 2021, está

prevista unha xuntanza entre o DAO e os comisarios das distintas UPAs para concretar a convocatoria de prazas.

Medios: agradecemos o esforzo realizado nos últimos anos ca renovación, case total, da flota de vehículos policiais. Solicitamos unha visita á futura dependencia da UPA e das UVEX en Vigo. Demandamos información sobre o proxecto de posta en funcionamento dunha comisaría no Monte do Gozo. Reclamamos a adquisición e renovación de teléfonos corporativos así como obras na Xefatura da UPA, en Fontiñas.

A Xunta informou da próxima entrega de 2 furgonetas para ERPOL e de 6 vehículos tipo "Pickup" para repartir polas distintas sedes. Tamén nos trasladou o interese de que a sede da UPA Vigo e a UVEX contén con unhas instalacións acordes ás funcións da Policía Nacional. En canto á posta en funcionamento dunha comisaría no Monte do Gozo, dependen da asignación de efectivos por parte da Dirección Xeral da Policía para que tanto UPA, como CNP e PL teñan presenza nesa Comisaría de Atención ó Peregrino, que se convertería nun punto de atención policial de referencia no Xacobeo para os peregrinos que chegan a Compostela. No relativo á adquisición de terminais, evaluarán as necesidades específicas, comprometéndose a actualizar estes medios. Informan das próximas obras de adecentamento dos vestiarios e despachos en Fontiñas.

Realización test Covid ao CNP e vacinas: a falta de interese da Delegación do Goberno e da Dirección Xeral da Policía, fixo que non se puidesen axilizar a realización de probas nas distintas dependencias do CNP en Galicia. A día de hoxe aínda non se realizou, por parte do Sergas, un estudio serolóxico, nas plantillas das provincias de Pontevedra e de Lugo. Tamén se solicitou prioridade aos Policias Nacionais que traballan en primeira liña fronte á Covid, en referencia ás vacinacións contra o Covid.

O VicePresidente da Xunta tomou nota das plantillas onde aínda non se realizaron os test de detección para tratar de axilizar a súa realización. No tocante á vacina, agardarán a vacinar ós sectores máis vulnerables, analizando unha vez que dispoñan de todas as doses previstas, ás necesidades do CNP e da UPA.

UVEX, sede Xudicial Santiago; en base á Ley 2/86 debería ser PN quen prestase servizo nos xulgados de Santiago de Compostela. Dende o SUP solicitamos, fai un ano, a convocatoria da Comisión Mixta de Seguemento do Convenio para as UVEX, propondo a inclusion dun punto na orde do día no que se tratase esta cuestión.

A Administración autonómica comprométese a retomar esta reivindicación.